



CONSELLERÍA  
DELEGACIÓN PROVINCIAL

AMBIENTE

PROVINCIA DE OURENSE



XACOBEO '99  
Galicia



r/ Paseo, 18 - 5.º - 32003 OURENSE

Na sesión celebrada na data que se indica, adoptouse o seguinte

## ACORDO

Na cidade de Ourense, a dous de xuño de mil novecentos noventa e nove.

**VISTO** o expediente de clasificación do monte como veciñal en man común denominado "Lameiro Vello, Telleira, A Brea-1, A Brea-2", a solicitude dos veciños do Barón, parroquia de Seoane, do concello do Carballiño.

**RESULTANDO** que con data 30 de maio de 1996, tivo entrada no rexistro da delegación provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes en Ourense, escrito dirixido ó Xurado provincial de Montes Veciñais en Man Común asinado polos veciños do Barón da parroquia de Seoane, Concello do Carballiño, solicitando se declare o monte "Lameiro Vello, Telleira, A Brea-1, A Brea-2," como veciñal en man común.

**RESULTANDO** que o Xurado provincial en sesión celebrada en data 12 de xuño de 1996, acordou tomar en consideración o citado escrito e iniciá-lo expediente de clasificación do monte designando instructores do mesmo a D.



Miguel Ángel González Trigás e d. José Manuel Baltar Blanco, quenes aceptaron tal cargo, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade do Carballiño, e remitíndose comunicacións dirixidas ós veciños do pobo do Barón da parroquia de Seoane, ó Ilmo. sr. Presidente da Deputación provincial de Ourense, ó sr. Alcalde do Concello do Carballiño, á Consellería de Obras Públicas e Ordenación Territorial, e ó Xefe do servizo de Montes e Industrias Forestais, á Xerencia territorial do Catastro, ó Servizo de Extensión Agraria, á Confederación hidrográfica do Norte, ó Servizo de Estructuras e Desenvolvemento rural, publicándose edictos no Diario Oficial de Galicia e no taboleiro de anuncios do Concello do Carballiño durante o prazo dun mes segundo consta en dilixencia estendida ó dorso do edicto polo secretario do citado concello, para que durante o prazo sinalado en edictos os interesados poidesen comparecer ou intervir no mesmo, en defensa dos seus dereitos, non constando presentada ningunha alegación.

**RESULTANDO** que a anotación preventiva de iniciación do expediente, practicouse no Rexistro da Propiedade do Carballiño, como segue:

Folios 205 á 208 ámbolos dous.

Libro 122 do Carballiño.

Tomo 461.

Fincas 17.417 á 17.426, ámbolas dúas inclusive, anotacións letra A.



**RESULTANDO** que na reunión do Xurado de data 30 de setembro de 1998, adoptouse o acordo de nomear instructora a dona Miriam López Areal en substitución de d. José Manuel Ballar Blanco nos expedientes de clasificación pendentes.

**RESULTANDO** que na tramitación do expediente cumpríronse tódalas formalidades legais.

**CONSIDERANDO** que o Xurado provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, ten xurisdicción e competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a teor do establecido no artigo 9 da citada Lei.

**CONSIDERANDO** que o tipo de comunidade xermánica que institúe a Lei de Montes Veciñais en Man Común ten como características esenciais as seguintes: 1) Que os condominios únense por vínculos persoais de vecindade agrupados en parroquias, aldeas, lugares, casaríos ou barrios non constituídos formalmente en entidades municipais; 2) Que polo tanto o número de titulares é variable e indeterminado; 3) que o patrimonio colectivo é utilizado e aproveitado polo veciño, en canto membro da agrupación veciñal, faltando a idea de cota no sentido xurídico-romano; 4) que o patrimonio e a participación é inalienable,



imprescritible e inembargable; e 5) Que a comunidade é indivisible, non poidendo os comuneiros pedi-la "actio communi dividumdo".

**CONSIDERANDO** que segundo informacións e testemuños resulta que os montes citados son aproveitados posuídos en réxime de comunidade xermánica polos veciños do pobo do Barón da parroquia de Seoane, no Concello do Carballiño.

Os datos do citado monte son os que se referencian na parte dispositiva deste acordo.

**CONSIDERANDO** que das informacións recollidas resulta que os veciños do pobo do Barón da parroquia de Seoane, están conformes coa clasificación do citado monte coma veciñal en man común.

**CONSIDERANDO** que a teor do disposto na Lei de Montes Veciñais en Man Común, o expediente de clasificación iniciouse por Acordo do Xurado, a instancia dos veciños do Barón da parroquia de Seoane e para que este Xurado poidera acorda-la iniciación do expediente de clasificación.

**VISTOS** a) Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu regulamento, Decreto 260/1992, do 4 de setembro, así



como o establecido na Lei de Procedemento administrativo do 30 de setembro de 1992, modificada pola Lei 4/1999.

**VISTOS** o Decreto 482/97, do 26 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente

**O XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACIÓN DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN** á vista dos antecedentes e fundamentos expostos e por unanimidade dos seus membros:

**ACORDA:**

PRIMEIRO. - CLASIFICA- lo monte denominado "LAMEIRO VELLO, TELLEIRA, A BREA-1, A BREA-2", de 19.140 m<sup>2</sup> aproximadamente en conxunto de superficie a favor dos veciños do pobo do Barón da parroquia de Seoane , no Concello do Carballiño, como veciñal en man común, en réxime de comunidade xermánica, e cos datos que de seguido se relacionan:

Concello: O CARBALLIÑO

Denominación do monte: "LAMEIRO VELLO, TELLEIRA, A BREA-1, A BREA-2".



Comunidade propietaria: veciños do Barón , parroquia de Seoane.

Superficie: 19.140 m<sup>2</sup> , aproximadamente en conxunto.

Monte "Lameiro Vello" dunha superficie aproximada de 8.400 m<sup>2</sup> e as  
estremas seguintes:

Norte: d. Manuel Casero.

Sur: d. Manuel Decabo.

Leste: monte veciñal das Fontaiñas.

Oeste: dona Sofía Figueiredo e d. Manuel Decabo.

Monte "A Telleira" dunha superficie aproximada de 4.600 m<sup>2</sup>, e as estremas  
seguintes:

Norte: herdeiros de d. Elier Ojea Álvarez, matadoiro municipal e d. Luis  
Rodríguez.

Sur: d. Manuel Decabo e dona Celsa Decabo.

Leste: camiño público e dona Celsa Decabo.

Oeste: camiño público e expropiación da estrada Partovía-Seoane.

Monte "A Brea-1" dunha superficie aproximada de 1.640 m<sup>2</sup>, e as estremas  
seguintes:

Norte: camiño público á Varón de Seoane.

Sur: dona Josefa Corral, d. Manuel Decabo e dona Celsa Decabo.



Leste: terreo expropiado, estrada Ribadavia-Cea.

Oeste: d. Emilio González e dona Celsa "Cutixa".

Monte "A Brea-2" dunha superficie aproximada de 4.500 m<sup>2</sup>, e as estremas seguintes:

Norte: d. Emilio González, camiño, dona Dolores Casero e camiño.

Sur: camiño.

Leste: d. Isaac Muleiro, d. Antonio Pérez, herdeiros de d. Manuel Casero e d. Juan Alonso.

Oeste: d. José Casero, camiño e d. Emilio González.

SEGUNDO .- Que se proceda á exclusión do citado monte de calquera inventario, catálogo ou rexistro público no que poidan figurar inscritos a favor de persoa ou entidade distinta á que agora se asigna a súa pertenza.

Notifíquese esta resolución ó sr. Alcalde-Presidente do Concello do Carballiño, ós representantes da comunidade veciñal, ó sr. Xefe do Servicio de Montes e Industrias Forestais, ós que se lles fará saber que esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser obxecto de recurso de reposición potestativo perante este Xurado provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes ou recurso contencioso-



administrativo perante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Ourense no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos a partir do día seguinte da publicación no Diario Oficial de Galicia. ( arts. 109 e 116 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, e arts. 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa).




*[Handwritten signatures and marks]*



MONTE VECINAL DE VARON DE SEOANE - CARBALLIÑO

"LAMEIRO VELLO"

Sup. Total: 8.400,00 m/2.-



N.


ESCALA 1/1.000



**MONTE VECINAL DE VARON DE SEOANE-CARBALLIÑO**

**"A B R E A" - 1**

Superficie Total: 1.640 m/2




**E S C A L A 1/1.000**



MONTE VACEINAL DE VARON DE SEOANE-CARBALLIÑO.-  
"A TELLEIRA"

Superficie Total: 4.600,00 m/2



E S C A L A 1/1.000

C  
E




Y.P.C.

MONTE VECINAL DE VARON DE SEOANE-CARBALLIÑO

"A B R E A" - 2

Superficie Total: 4.500,00 m/2.-



E S C A L A 1/1.000



4507